



**Asociación Cívico-Cultural  
TERRA DE OUTES**

Estimadas socias e socios:

Como ben imaxinaredes, a actual situación sanitaria, co consecuente Estado de Alarma e as limitacións de reunión e mobilidade que isto conlevou, impediron a normal celebración da nosa asemblea xeral ordinaria na data habitual, en xaneiro, e vímonos na obriga de pospoñela ata agora. É por iso que agradecemos por adiantado a vosa comprensión.

Pola presente convocámosvos á vindeira **Asemblea Xeral ORDINARIA** da nosa asociación, que terá lugar o sábado 8 de maio de 2021, ás 18:00 horas, en primeira convocatoria, e 18:30 horas, en segunda convocatoria. A asemblea terá lugar no novo local social do Cruceiro de Roo (antiga escola), coa seguinte orde do día:

Punto 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Punto 2º.- Memoria de actividades do 2020.

Punto 3º.- Estado de contas e balances do exercicio anterior.

Punto 4º.- Cota anual (con actualización e confirmación de socias/os).

Punto 5º.- Rogos e preguntas.

Desexándovos moita saúde, despídese atentamente

O Secretario

Ramón Blanco Fernández

En Outes, a 8 de abril de 2021